



CARTA DE SERVIZOS compromiso coa calidade

Servizos do Sistema para a Autonomía
e Atención á Dependencia



Secretaría Xeral de Política Social

XUNTA DE GALICIA

Benestar publica a carta de servizos de atención á dependencia, a primeira auditada que se aproba no eido da atención social

- Trátase dun instrumento destinado á “xestión da calidade”, onde se identifican os servizos, os dereitos dos usuarios e os órganos responsables de cada un destes recursos.

Feijóo destaca o papel fundamental que xogan os 112 centros especiais de emprego que hai en Galicia para acadar o obxectivo de mellorar os niveis de integración laboral



- Salienta que os 9 millóns en 2012 para centros especiais de emprego acreditan que, a pesar da crise, é posible manter o colectivo da discapacidade como prioritario dentro do emprego en Galicia
- Resalta o traballo e o gran labor social de COGAMI, “unha organización galega 100%, que dá traballo a 800 persoas e que é un exemplo do que é a integración social en Galicia”.

Feijóo salienta as vantaxes do certificado de profesionalidade á hora de configurar unha vida laboral “de proveito e longa”

- Resalta que son xa moitos os galegos que puideron mellorar as súas condicións de empregabilidade a través da consecución de certificados obtidos nas accións formativas impulsadas pola Xunta. “Levamos 17.000 certificados expedidos e iso significa que temos 17.000 profesionais cualificados, acreditada a súa formación”.

Informe do paro rexistrado

O desemprego medrou en Galicia un 0,82% no mes de setembro, a metade que a media do Estado

Sumario	Política social	2-6	Igualdade	12
	Xuventude e voluntariado	7	Seguridade e saúde laboral	13
	Formación e emprego	8-11	Publicacións	13
	Informe do paro rexistrado	11	Normativa	14-18

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835

Política social

A Xunta, con motivo do Día Mundial do Alzheimer, aposta pola atención especializada a este colectivo

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, achegáronse ao centro de día de alzhéimer "Volta do Castro"
- ▶ En Galicia, hai máis de 38.000 pacientes diagnosticados de demencia e cada ano détécense 5.000 novos casos
- ▶ Mato fixo fincapé na necesidade de contar cunha rede de centros, de dar formación aos coidadores non profesionais destas persoas e de apoiar o tecido asociativo
- ▶ Mosquera adiantou que os pacientes poderán solicitar a tarxeta sanitaria co distintivo AA, que lles dá dereito a permanecer acompañados durante todo o proceso de atención e a reducir os tempos de espera.

Santiago, 21 de setembro de 2012.- O Goberno da Xunta aposta por prestar unha atención especializada ao colectivo de persoas de alzhéimer na xornada na que se conmemora o seu día mundial. Con motivo desta celebración, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, achegáronse ata o centro de día de alzhéimer "Volta do Castro". Estiveron acompañadas polo presidente da Federación galega de enfermos de alzhéimer (Fagal), Juan Carlos Rodríguez.

En Galicia, hai máis de 38.000 pacientes diagnosticados de demencia, e cada ano détécense 5.000 novos casos. Para atender estas persoas, a Xunta está a levar a cabo unha estratexia conxunta e coordinada co fin de mellorar a súa calidade de vida e promover a súa autonomía.

Neste sentido, Mato fixo fincapé na necesidade de contar cunha rede de centros de atención específica. Actualmente, Galicia conta con 12 centros especializados e un total de 412 prazas. A estes centros sumárase no último trimestre unha nova instalación na cidade de Pontevedra.

Por outro lado, salientou que é un punto tamén esencial, para garantir unha atención axeitada deste colectivo, a formación dos

coidadores non profesionais. O Goberno galego ten posto en marcha accións formativas especializadas para eles, ademais da publicación de manuais específicos que se puxeron á súa disposición. Tamén se impulsaron actuacións de voluntariado para o acompañamento destas persoas e para dar un respiro aos seus coidadores.

Ambas responsables autonómicas destacaron tamén a importancia da colaboración co tecido asociativo, que debe ser cada día "máis fonda e estreita", subliñou a titular de Benestar, dado que "a súa experiencia e contacto diario coa realidade do alzhéimer son básicos para ofrecer a resposta máis adecuada ás necesidades destas persoas".

Tarxeta dobre AA

Pola súa banda, Mosquera adiantou que os familiares de pacientes afectados por alzhéimer poden realizar a solicitude da nova tarxeta sanitaria co distintivo AA na parte superior esquerda. Esta dálles dereito a permanecer acompañados durante todo o proceso de atención e a que se minimicen os tempos de espera nas antesalas das consultas e probas, así como nas urxencias, segundo o seu nivel de gravidade.

O acompañante poderá así interpretar os síntomas das



persoas con esta enfermidade e ser os "tradutores" das súas manifestacións e comportamentos, xa que eles non poden facelo polas limitacións da propia enfermidade. "Desta maneira melloramos a seguridade e diminuímos as consecuencias non desexadas destas situacións, xa que o seu estadio fai, ás veces,

que non comprendan as indicacións ou recomendacións, o que pode dificultar a súa atención", detallou Mosquera.

No transcurso do acto, a conselleira de Sanidade fixo entrega destas tarxetas sanitarias co distintivo AA ao presidente de Fagal para que informe os seus asociados.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&idc=88>



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NO DÍA DO ALZHEIMER



A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade

A enfermidade de alzhéimer, a causa máis frecuente de demencia nas persoas maiores, é un trastorno grave dexenerativo, que se está a converter nun dos problemas sanitarios máis importantes da nosa sociedade, cada vez maior. A incidencia da demencia aumenta a partir dos 65 anos, e estímase que máis do 30% dos pacientes maiores de 85 anos teñen demencia. Moitos destes teñen unha demencia tipo alzhéimer.

Os catro eixes principais nos que se basea a actuación da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, son:

- 1) A creación e potenciación dunha rede específica e especializada que dea resposta ás necesidades particulares das persoas con alzhéimer e outras demencias.
- 2) Nun modelo de atención integral e centrado na persoa, o cal debe de alcanzar concrecións diferentes segundo o contexto dende o que se actúa.

3) Formación e apoio ás familias e ás persoas coidadoras non profesionais, en actitudes e aptitudes, xa que estes, xunto coas persoas en situación de dependencia, son os verdadeiros protagonistas e deben ser o centro de toda actuación.

4) Na súa colaboración intensa coa Federación e coas distintas asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias de Galicia, considerando o papel fundamental que desenvolven na sociedade galega.

A aposta dende os poderes públicos polas estratexias actuais de prevención resulta fundamental para retardar a aparición da demencia, aínda que non para evitala, polo que confiantes en que se atoparán estratexias de prevención da demencia, as sociedades debemos seguir investindo en proporcionar un coidado de calidade aos pacientes actuais.

A Xunta de Galicia manifesta o seu compromiso de cara a traballar a prol do mantemento e da potenciación dos recursos axeitados para atender as persoas que padecen esta enfermidade, así como dunha rede de apoio suficiente para as familias que atenden estes enfermos, baseados nun modelo de atención integral e centrado na persoa e co obxectivo de mellorar a calidade da atención das persoas en situación de dependencia que padecen alzhéimer ou outras demencias.

Mato avoga por promover o papel dos maiores como suxeitos activos da sociedade como reflicte o plan galego para este colectivo

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou no II Encontro de Maiores de Monfero (A Coruña)
- ▶ O Plan galego de maiores 2010-2013 conta cos obxectivos de garantir a protección dos dereitos destas persoas, impulsar a súa participación na sociedade e sentar as bases dun envellecemento activo, san, saudable e feliz
- ▶ Beatriz Mato recoñeceu a importancia de escoitar os maiores porque foron quen construíron a sociedade moderna e do benestar na que hoxe vivimos.



Monfero (A Coruña), 15 de setembro de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avogou por que as administracións promovan o papel dos maiores como suxeitos activos da sociedade, tal e como se plasma no Plan galego de maiores 2010-2013, unha estratexia

consensuada coas principais entidades e asociacións do sector.

A titular de Benestar participou no II Encontro de Maiores de Monfero (A Coruña) e explicou que este plan conta cos obxectivos de garantir a protección dos dereitos destas persoas, impulsar a súa

participación na sociedade e sentar as bases dun envellecemento activo, san, saudable e feliz.

Así, apuntou que encontros como este son unha boa ferramenta para acadar estes obxectivos posto que favorecen a participación, a socialización, o lecer e a mellora da

calidade de vida.

Beatriz Mato recoñeceu a importancia de escoitar aos maiores, non só por ser case o cuarto da poboación de Galicia, senón tamén porque foron os que construíron a sociedade moderna e do benestar que hoxe vivimos.

Política social

Benestar publica a carta de servizos de atención á dependencia, a primeira auditada que se aproba no eido da atención social

- ▶ A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, explicou en rolda de prensa este instrumento, que se publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG)
- ▶ Trátase dun instrumento destinado á “xestión da calidade”, onde se identifican os servizos, os dereitos dos usuarios e os órganos responsables de cada un destes recursos
- ▶ A carta recolle tamén compromisos de calidade en cada un dos servizos, e establece indicadores de seguimento para avaliar o cumprimento de cada un deles
- ▶ Entre outros compromisos, destacan o de aprobar o Programa individual de atención (PIA) ao 100 por cento de menores de 3 anos nun prazo máximo de 20 días ou o de apoiar a totalidade dos cuidadores a través de atención telefónica.

Santiago, 18 de setembro de 2012.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a carta de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia. Trátase dun instrumento que acadou o distintivo de carta “auditada”, polo que é a primeira destas características que se aproba en materia de servizos sociais.

A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, explicou en rolda de prensa esta ferramenta. As cartas de servizos son instrumentos destinados á xestión da calidade, que se ocupan de analizar e mellorar os recursos que presta unha determinada organización. Posteriormente, a análise dos recursos plázanse en documentos de acceso público.

Deste xeito, segundo detallou a responsable autonómica, a carta de servizos de atención á dependencia identifica os seguintes aspectos: os servizos públicos que presta a Secretaría Xeral en materia de dependencia (información, valoración da situación da dependencia...); os órganos responsables da prestación destes servizos; os dereitos dos usuarios; e, finalmente, os niveis estándares e compromisos de calidade que asume a Xunta na prestación destes servizos.

“Polo tanto, esta carta inscribese no noso afán de modernización e aposta pola mellora continua da

calidade na prestación de servizos”, subliñou Piñeiro, quen indicou que este documento é accesible a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, no apartado de dependencia (<http://benestar.xunta.es/web/portal/dependencia>)

A carta inclúe un total de 7 servizos, 9 subservizos e 30 compromisos de calidade. Está estruturada da seguinte maneira: identificación dos servizos que se ofertan; normativa reguladora; compromisos de calidade que se acadan nos distintos servizos identificados; indicadores de seguimento que se seguirán para avaliar o grao de cumprimento dos distintos compromisos; fórmula de comunicación dos resultados deste seguimento, que será de xeito anual e público; formas de colaboración, tanto a nivel de consulta e participación dos usuarios, como o modo de presentar e resolver suxestións, queixas e reclamacións; e, por último, recóllense os datos identificativos e de contacto das distintas unidades da Secretaría Xeral de Política Social que traballan neste eido.

En canto aos 30 compromisos, estes abranguen as distintas áreas e servizos. Entre eles, a secretaria xeral de Política Social destacou, entre outros, o compromiso da valoración do 65 por cento dos solicitantes nun tempo máximo de 70 días, e de 80 para o 35 por cento

restante; ou a valoración ao 100 por cento dos menores de 3 anos nun tempo máximo de 12 días.

No que se refire á aprobación do Programa individual de atención (PIA), márcase o compromiso de aprobar o PIA ao 100% dos expedientes de menores de 3 anos nun prazo máximo de 20 días; e tamén o de garantir á totalidade dos expedientes de asistente persoal os complementos adicionais da comunidade autónoma.

Tamén se establecen como obxectivos incrementar nun 20 por cento anualmente as persoas formadas dentro do programa de apoio ao cuidador; así como proporcionar á totalidade de

coidadores formados os manuais aprobados pola consellería e apoiar tamén ao 100 por cento a través do teléfono habilitado para este fin.

“Desde a Secretaría Xeral de Política Social asumimos os compromisos expresados nesta carta, convencidos de que realizando unha avaliación continua e tendo presentes as necesidades das distintas partes interesadas, poderemos seguir traballando para restar servizos públicos de maior calidade”, resumiu Piñeiro, quen destacou que se trata dun traballo elaborado polos propios técnicos do departamento, aos cales agradeceu a elaboración deste traballo así como o seu labor diario.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Carta_de_Servizos_Galego.pdf



Traballo e a Universidade de Santiago presentan un sistema pioneiro no ámbito da teleprevención sociosanitaria

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, presentaron en Santiago o programa “Miavizor”
- ▶ Este proxecto, desenvolvido pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da USC, é un programa preventivo que ofrece maior seguridade aos maiores que viven sos, a través dun sistema de sensores instalados no fogar
- ▶ O programa permitirá instalar o sistema en 141 concellos rurais de Lugo e Ourense
- ▶ Mato salientou que se trata dun programa que axuda a cumprir algúns dos obxectivos prioritarios do Plan Galego de Maiores.



Santiago, 14 de setembro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela colaboran para favorecer a permanencia no domicilio dos maiores que viven sos, ofrecéndolles unha maior seguridade. Ambas partes presentaron o programa “Miavizor”, un proxecto pioneiro e innovador no ámbito da teleprevención sociosanitaria, máis avanzado e completo que a teleasistencia tradicional.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, presentaron en Santiago este proxecto. No acto tamén estivo presente a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro.

Esta iniciativa, desenvolvida pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da USC, permitirá instalar o sistema en fogares

do rural de 141 concellos de Lugo e Ourense, do que se beneficiarán 500 usuarios. Neste programa, a Consellería de Traballo vai investir máis de 800.000 euros repartidos en catro anualidades, ata o 2015, dentro do convenio co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o desenvolvemento do medio rural.

Sistema sen fíos

O programa “Miavizor” garante a atención ás persoas maiores sen necesidade de que suceda unha urxencia, esta é a principal diferenza coa teleasistencia tradicional, que se limita a proporcionar un sistema de alerta en caso de que se produza unha emerxencia. Isto é posible a través dun sistema sen fíos de sensores que proporcionan información continua sobre o usuario, o cal permite anticiparse e detectar, por exemplo, se a persoa

está a desenvolver hábitos de vida saudables.

O sistema incrementa a seguridade das persoas maiores e, polo tanto, mellora a súa calidade de vida e tamén a dos seus familiares, que contan cun elemento de maior tranquilidade. Entre as vantaxes que ofrece Miavizor está a atención integral, posto que actúa as 24 horas do día e os 365 días do ano. O sistema permite, por exemplo, detectar os hábitos diarios de alimentación do usuario, a través dun sensor localizado na neveira, ou os hábitos de sono, mediante sensores no cuarto.

Instalación sinxela

O programa, que se iniciará nas provincias de Lugo e Ourense por ser as que máis acusan a dispersión poboacional, ten unha instalación moi sinxela, xa que non precisa nin de obra nin de mantemento.

Unha das grandes virtudes é que non altera a intimidade dos maiores nin interfere na súa vida cotiá. Isto é posible grazas a que son os sensores sen fíos os que detectan os movementos e os cambios nos hábitos dos usuarios. A información chega directamente aos familiares ou aos profesionais dos servizos sociais. Deste xeito, resulta máis sinxelo detectar problemas e anticiparse ás medidas correspondentes.

A conselleira valorou moi positivamente que “se poida poñer a tecnoloxía máis avanzada ao servizo das persoas e da mellora da súa calidade de vida”. Por iso, o Goberno galego está a colaborar con esta iniciativa porque “permite dar cumprimento a algúns dos obxectivos prioritarios no Plan galego de maiores: promover a autonomía persoal e retardar ao máximo o internamento en centros residenciais”.

<http://www.miavizor.es/>



Política social

Máis de 7.000 nenos incorporáronse ás 142 escolas da rede autonómica A Galiña Azul

- ▶ A oferta respecto ao curso pasado incrementábase en 14 centros e 665 prazas
- ▶ Cara a finais de outubro abrirán outras tres escolas en Curtis, Mazaricos e Vilalba, actualmente na última fase das respectivas obras.

Santiago, 3 de setembro de 2012.- O mércores 3 de setembro arrancou o novo curso nas escolas infantís da rede autonómica A Galiña Azul. Dende ese día estes centros infantís foron acollendo progresivamente a incorporación de preto de 7.200 nenos e nenas de entre 0 e 3 anos.

Neste inicio de curso a rede conta con catorce centros máis que en setembro do ano pasado ao contar con cinco novas escolas que abriron en marzo deste ano en Betanzos, Carballo, Coristanco, O Pino e Pontevedra e con outras nove que entran en funcionamento agora, neste mes de setembro, en Carnota, Coirós, Fisterra, Oleiros-Mera, Sobrado dos Monxes, Cartelle, A Merca, Oímbra e Vigo-Gota de Leche.

Outras 3 novas escolas abrirán cara a finais de outubro, xa que están na última fase das obras, nos concellos de Curtis, Mazaricos e Vilalba.

Con estes tres centros que abren en outubro, en total a rede A Galiña Azul ofertará 841 prazas máis que no inicio do pasado curso 2011/12.

Por provincias, a oferta da rede de escolas infantís 0-3 A Galiña Azul é de 3.170 prazas na Coruña, 918 en Lugo, 1.164 na

provincia de Ourense e 3.122 en Pontevedra.

Prazas sostidas con fondos públicos

Ademais das escolas da rede A Galiña Azul, a oferta de prazas sostidas con fondos públicos inclúe tamén outras prazas en centros de iniciativa social, en escolas municipais e prazas do cheque infantil coas que en total máis de 18.000 nenos poderán acceder a unha praza sostida con fondos públicos o vindeiro curso.

Ademais, a planificación da Consellería de Traballo e Benestar recolle a futura posta en marcha de 2.083 novas prazas previstas en convenios xa asinados e en período de execución.

En canto ao desenvolvemento da actividade neste novo curso nas escolas infantís, na planificación dos primeiros días os profesionais están a ter en conta as características dos nenos e nenas de cada escola, é dicir, se se incorporan por primeira vez ao centro ou se volven dun período de vacacións. Neses casos, a incorporación faise de xeito paulatino comezando cunhas xornadas compartidas cos pais ou nais e incrementando progresivamente o número de horas de asistencia.



O presidente da Xunta asiste á xornada de portas abertas da Escola Infantil de San Paio en Vigo

Vigo, 25 de setembro de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañado da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu á xornada de portas abertas da Escola Infantil de San Paio, en Vigo.

<http://escolasinfantis.net/>



Inicio | Mapa Web | Accesibilidade | Contacto | Iniciar sesión | Rexistro



Información | Servizos | Actualidade | Blogues

BLOGUES | Blogues dos Centros | Blogues Persoais | Blogue "Tecendo os Fíos na Rede"

Últimas novas

Galería



Xuventude e Voluntariado

A Fundación Banesto e Traballo colaboran para impulsar o espírito emprendedor dos mozos e mozas galegos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Fundación Banesto Sociedade e Tecnoloxía, Victoria Zuasti, presentaron en Santiago o programa "Yuzz"
- ▶ Esta iniciativa, impulsada pola Fundación Banesto, está dirixida a mozos e mozas de 18 a 30 anos co fin de ofrecerlles novas oportunidades á mocidade con ideas innovadoras de carácter tecnolóxico
- ▶ A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo serán as cidades que entrarán a formar parte das outras 35 localidades españolas nas que xa está presente este programa
- ▶ Mato lembrou que o fomento da creatividade e do espírito emprendedor é unha das principais apostas deste departamento autonómico.

Santiago, 17 de setembro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Banesto colaboran para impulsar o espírito emprendedor entre os mozos e mozas galegos. Ambas as partes veñen de asinar un convenio de colaboración co fin de traer o programa Yuzz da Fundación Banesto a Galicia. Esta iniciativa, dirixida á xuventude entre os 18 e os 30 anos, ten como obxectivo estimular ideas innovadoras de base tecnolóxica que poidan ser susceptibles de traducirse nun proxecto empresarial.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a directora da Fundación Banesto Sociedade e Tecnoloxía, Victoria Zuasti, presentaron en Santiago este proxecto. No acto tamén estivo presente a directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González.

Grazas a esta colaboración, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo entrarán a formar parte das outras 35 localidades españolas onde xa está presente este programa da Fundación Banesto, que funciona como un viveiro de formación e asesoramento.

O programa Yuzz pon á disposición dos seleccionados o soporte necesario para desenvolver a súa idea no mercado: unha rede de expertos, formación empresarial, asesorías e titorías personalizadas, unha plataforma de traballo colaborativo en liña, así como todo o soporte administrativo e xurídico

preciso en caso de que a súa idea poida materializarse nun proxecto empresarial.

Serán un máximo de 80 o número de participantes seleccionados en Galicia. A convocatoria de recepción de candidaturas permanecerá aberta do 17 de setembro ao 31 de outubro. Para participar, os interesados deberán enviar os seus datos a través dun formulario localizado na web www.yuzz.org.

Unha vez finalizado o proceso de formación e asesoramento de sete meses de duración que se realiza en todos os centros Yuzz, os mellores participantes realizarán unha viaxe a Silicon Valley, a meca mundial da innovación no eido das novas tecnoloxías.

Ademais, ao concluír o ano, os tres mellores proxectos de entre todos os finalistas a nivel nacional recibirán unha dotación económica (30.000, 20.000 e 10.000 euros) para colaborar na materialización da súa idea empresarial.

A conselleira valorou que este proxecto constituía un "programa especializado, de alto rendemento



e innovador", xa que considerou que a aposta polo emprendemento da mocidade debe ser tamén "de calidade", de xeito que non sexa só un elemento "para lograr un emprego, senón para plasmar ideas que poidan enriquecer a sociedade e xerar valor engadido".

Pola súa banda Victoria Zuasti, destacou o resultado do proxecto desde o seu inicio en 2009, "desde que comezou Yuzz, e entre as tres edicións, preto do 60% dos participantes teñen creado a súa empresa ou están en constitución. Ata a data, levan pasado por Yuzz 665 participantes e creáronse 393 empresas. Yuzz é un trampolín de talento, e nesta nova edición, 80 mozos e mozas galegos terán a oportunidade de desenvolver as súas ideas, apoiados polos mellores profesionais nun contorno de alto rendemento, para convertelas en proxectos empresariais de futuro."

Por iso, o Goberno galego está a colaborar con esta iniciativa porque se trata dunha "oportunidade para aproveitar o talento que hai, e moito en Galicia, e para seguir apostando polo desenvolvemento das novas tecnoloxías como impulso transversal á sociedade", subliñou Mato.

Neste sentido, lembrou que esta iniciativa se inscribe nunha liña de traballo máis amplo desta área autonómica, na que destaca a Estratexia Xuventude 2013, que inclúe entre os seus obxectivos principais o fomento da creatividade e o espírito emprendedor. Nesta mesma liña enmárcanse tamén programas como Emprende, na euronrexión Galicia-Norte de Portugal. En total, este ano a Xunta investirá 23,6 millóns no fomento de iniciativas emprendedoras, unha aposta que se complementa agora co programa Yuzz.

<http://www.yuzz.org/>



Formación e emprego

Traballo destina 200.000 euros para promover a inserción laboral de persoas en risco de exclusión social

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde de axudas a través da cal se beneficiará a nove empresas de inserción laboral (EIL) que dan emprego a preto de 40 persoas en risco de exclusión social
- ▶ Entre as novidades, o programa establece unha axuda ás EIL de 3.000 euros para financiar os primeiros gastos da actividade das empresas de inserción laboral por cada persoa traballadora en proceso de inserción, ata un máximo de 12.000 euros para a empresa
- ▶ Ademais, concédese ás entidades promotoras unha axuda de ata 6.000 euros destinada a financiar parcialmente os custos que comporta o proceso de creación dunha empresa de inserción laboral.

Santiago, 7 de setembro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará 200.000 euros para promover a inserción socio-laboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo en Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras. A través desta iniciativa beneficiaranse as nove empresas de inserción laboral (EIL) que existen en Galicia e que proporcionan emprego a preto de 40 persoas traballadoras en procesos de inserción sociolaboral.

Trátase dun programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo e establece a posibilidade de realizar pagamentos á conta ata unha porcentaxe máxima do 90 por cento.

Os interesados en optar a estas axudas contarán cun prazo dun mes para presentar as súas solicitudes a partir de mañá. As solicitudes están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballo.xunta.es>)

Novidades

Esta convocatoria conta con tres novidades, tal e como o demandou o movemento asociativo. A primeira establece unha axuda de 3.000 euros para financiar os primeiros gastos da actividade das empresas de inserción laboral por cada persoa traballadora en proceso de inserción, ata un máximo de 12.000 euros para a empresa de inserción laboral.


A subvención concédese unha soa vez e destínase a sufragar os gastos necesarios derivados da posta en marcha da actividade, realizados entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de setembro de 2012, para os seguintes conceptos: mercancías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamentos do local, maquinaria e equipamentos informáticos, seguros do local, publicidade e subministracións. A axuda pódese solicitar as empresas de inserción laboral que iniciasen a súa actividade a partir do 1 de outubro de 2011.

Como segunda novidade, dáselle a opción ás entidades promotoras de empresas de inserción laboral de solicitar a subvención para a contratación de persoal técnico en accións de orientación e acompañamento á inserción. Esta axuda ten unha contía equivalente ao 50% dos

custos laborais totais incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos a cargo da empresa ou da entidade promotora, calculados sobre 24 mensualidades. A axuda ten un límite máximo por todas as contratacións de 6.000 euros por cada persoa traballadora en proceso de inserción e un máximo total de 24.000 euros para a empresa ou a entidade promotora.

E por último regúlase unha nova liña de axuda destinada a financiar parcialmente estas entidades, os custos que comporta o proceso de creación dunha empresa de inserción laboral co obxectivo de dinamizar a creación de novas empresas de inserción laboral en Galicia. A contía desta subvención será equivalente ao 50 % do custo total do proceso de creación da empresa de inserción laboral, cun límite máximo de 6.000 euros.

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/...>



Preto de 50 titulares de explotacións agrarias poderán recibir 3.000 euros da Xunta para promover a súa afiliación á Seguridade Social

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar investirá 140.000 euros nesta iniciativa
- ▶ O departamento autonómico amplía como novidade este ano a idade das persoas beneficiarias ata os 50 anos.

Begonte (Lugo), 10 de setembro.- A Consellería de Traballo e Benestar destina este ano máis de 140.000 euros para favorecer a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias coa finalidade de mellorar a situación laboral das persoas

que traballan no agro galego e promover a creación do emprego neste sector.

Así o indicaron a directora xeral de Promoción de Emprego, Amparo González, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, que se achegaron ata unha explotación agraria de Begonte (Lugo).

Amparo González indicou que, deste xeito, se subvencionan as altas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para empregados por conta propia agrarios que cumprindo os requisitos e condicións establecidas se atopan nunha situación formalizada entre o 1 de outubro de 2011 ata o 30 de setembro de 2012, ambos inclusive. A contía total da axuda

será de 3.000 euros por persoa beneficiaria.

O departamento autonómico inclúe este ano unha novidade na orde para ampliar entre a cidadanía a posibilidade de recibir esta subvención. Así, poderán solicitar a axuda as persoas que contén con ata 50 anos na data da súa incorporación ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. Ata o de agora a idade máxima era de 45 anos.

Feijóo destaca o papel fundamental que xogan os 112 centros especiais de emprego que hai en Galicia para acadar o obxectivo de mellorar os niveis de integración laboral

- ▶ Salienta que os 9 millóns en 2012 para centros especiais de emprego acreditan que, a pesar da crise, é posible manter o colectivo da discapacidade como prioritario dentro do emprego en Galicia
- ▶ Lembra que o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, presentado en 2010 e cun percorrido ata 2013, conta cunha idea clave: “é posible a integración no mercado laboral das persoas con discapacidade; e é posible facelo a través da formación, da promoción e dunha boa xestión”
- ▶ Resalta o traballo e o gran labor social de COGAMI, “unha organización galega 100%, que dá traballo a 800 persoas e que é un exemplo do que é a integración social en Galicia”.

Oleiros, 11 de setembro de

2012.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou, durante unha visita ao Centro Especial de Emprego “Hornos Lamastelle”, en Oleiros, o papel fundamental que xogan os 112 centros especiais de emprego que hai en Galicia para acadar o obxectivo de mellorar os niveis de integración laboral. “Estes centros especiais como “Hornos Lamastelle”, onde traballan 71 persoas con algunha discapacidade e que factura preto de 3 millóns de euros anuais, testemuñan que é posible, en plena crise económica, manter postos de traballo e que é posible, en plena crise, ocuparnos da discapacidade como un colectivo que pode traballar, que sabe traballar e que o pode facer competindo con outros colectivos. Esta fábrica é unha testemuña de que se pode xerar economía e de que hai oportunidades de emprego para a discapacidade”.

Durante a visita, Feijóo afirmou que a Xunta seguirá traballando na procura do obxectivo da integración laboral; “e por iso, ademais, temos blindado as axudas á cooperación para as entidades que traballan co colectivo da discapacidade. Os 9 millóns de euros en 2012 para centros especiais de emprego e o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia acreditan que, a pesar da crise económica, é posible manter

o colectivo da discapacidade como prioritario dentro do emprego en Galicia”, aseverou.

No tocante ao Plan de acción integral para as persoas con discapacidade; o responsable autonómico explicou que este plan, presentado en 2010 e cun percorrido ata 2013, conta cunha idea clave: “é posible a integración no mercado laboral das persoas con discapacidade; e é posible



facelo a través da formación, da promoción e dunha boa xestión”.

O presidente da Xunta concluíu a súa intervención agradecendo e desatacando o traballo e o gran labor social de COGAMI, “unha organización galega 100%, que dá traballo a 800 persoas, que factura 20 millóns de euros, e que

son perfectamente conscientes de que non é posible conseguir un traballo se o produto dese traballo non é competitivo na economía de mercado. Estamos a falar dun exemplo do que é a integración social en Galicia”.

O DOG publica as axudas para manter o emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade en Galicia

Santiago, 7 de setembro de

2012.- A Consellería de Traballo e Benestar financiará o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade a través dunha orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións van destinadas aos 110 centros especiais de emprego que existen en Galicia.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que establece estas subvencións e que regula o pagamento á conta e anticipado destas axudas, ata un 90% da totalidade concedida, co fin de colaborar co mantemento destes centros e de facilitarlles o seu financiamento. O importe dos anticipos será do 25 por cento da contía concedida.

Os interesados en optar a estas axudas contarán cun prazo dun mes para presentar as súas solicitudes.

Esta iniciativa da Xunta conta cun investimento de 2,87 millóns para o período do 1 de xullo ao 30 de novembro de 2012, aínda que en todo este ano o orzamento total ascende ata os 7,87 millóns de euros. A contía das axudas que se perciben por cada persoa contratada é de 320,70 euros

mensuais, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional vixente (641,40 euros).

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas empresas.

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/...>



Formación e emprego

Feijóo salienta as vantaxes do certificado de profesionalidade á hora de configurar unha vida laboral “de proveito e longa”

